

Código do centro: 15016449.

Denominación: Centro privado Junior's.

Titular: *Colegio Junior's, S.A.*

Composición resultante:

- a) Centro de educación infantil: 3 unidades.
 b) Centro de educación primaria: 6 unidades.
 c) Centro de educación secundaria:
 6 unidades de educación secundaria obrigatoria.
 6 unidades de bacharelato das modalidades de ciencias da natureza e da saúde; humanidades e ciencias sociais e a de tecnoloxía.
 d) Centro de formación profesional específica:
 * Quenda de mañá:
 Familia profesional: hostalaría e turismo.
 1 ciclo formativo de grao superior de información e comercialización turísticas (1 unidade para 20 alumnos).
 Familia profesional: informática.
 1 ciclo formativo de grao superior de administración de sistemas informáticos (2 unidades para 30 alumnos/unidade).
 * Quenda de tarde-noite:
 Familia profesional: administración.
 1 ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas (2 unidades para 20 alumnos/unidade).
 Familia profesional: comercio e marketing.
 1 ciclo formativo de grao superior de comercio internacional (2 unidades para 20 alumnos/unidade).
 1 ciclo formativo de grao superior de xestión comercial e marketing (1 unidade para 20 alumnos).
 Familia profesional: electricidade e electrónica.
 1 ciclo formativo de grao superior de sistemas de telecomunicación e informáticos (2 unidades para 20 alumnos/unidade).
 Familia profesional: informática.
 1 ciclo formativo de grao superior de desenvolvemento de aplicacións informáticas (2 unidades para 30 alumnos/unidade).

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 4 de abril de 2005 pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación de equipamentos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social.

A Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual, co obxecto de que os concellos teñan cobertura radiofónica de carácter local que lles facilite aos cidadáns uns medios de comunicación que amplíen o marco da pluralidade informativa, vén establecendo con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia unha liña de subvencións con esa finalidade.

Polo exposto, e no uso das facultades que me atribúen os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse subvencións, para dotación de equipamentos para o desenvolvemento dos medios de comunicación municipais.

Os obxectivos destas subvencións son incentivar a iniciativa local para a dotación de estudos e equipamento de sistemas de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

Para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 90.152 euros que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 10.04.361A 760 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

As subvencións concederáanse polo procedemento de rateo do importe global máximo entre os beneficiarios da subvención.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que solicitasen ou soliciten a concesión do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

Artigo 3º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

As solicitudes de subvención serán formuladas polo presidente do concello solicitante, segundo o modelo que se xunta como anexo a esta orde, dirixiránse á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e presentaranse no rexistro xeral dos servizos centrais, no das delegacións provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para a súa presentación será de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Estas solicitudes irán xunto coa seguinte documentación:

- Memoria descritiva dos investimentos que se van realizar.
- Orzamento ou valoración económica das actuacións para as que se solicita a subvención.
- Compromiso de dotación orzamentaria suficiente para o mantemento do servizo.
- Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

Estas subvencións serán compatibles coas que podan conceder outras administracións públicas, sempre que o importe das subvencións concedidas, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións públicas ou entes públicos

ou privados, non supere o custo total do investimento que se vai realizar.

Artigo 4º.-Tramitación.

Os servizos competentes da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual tramitarán as solicitudes. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos sinalados anteriormente, requiriráselle ao concello que no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos necesarios, con indicación de que se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición.

Artigo 5º.-Proposta de resolución.

A proposta de resolución formularáselle ao conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo por un órgano colexiado e a través do órgano instrutor.

A composición do dito órgano colexiado é a seguinte:

-Presidente: o subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual.

-Vogal: a xefa do Servizo de Estudos e Análise de Telecomunicación e Audiovisual.

-Secretario: un xefe de negociado.

O órgano instrutor é o director xeral de Comunicación e Audiovisual.

A resolución do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo pola que se concedan as subvencións desta convocatoria esgota a vía administrativa.

Artigo 6º.-Prazo máximo de resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo, entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo no prazo dun mes, previo ao recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 7º.-Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executar o proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidas nesta convocatoria.

De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais, entenderase que o beneficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 8º.-Xustificación do investimento.

Para o libramento da axuda, o concello beneficiario deberá, antes do 31 de outubro de 2005, solicitar o pagamento e presentar ante a Dirección Xeral de

Comunicación e Audiovisual a xustificación do investimento xuntando o seguinte:

1. Certificación expedida polo secretario da corporación local beneficiaria, que reflecta o acordo aprobatorio do gasto.

2. Declaración complementaria do conxunto de axudas obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público.

3. Certificación expedida pola entidade bancaria onde se deba realizar o pagamento.

Artigo 9º.-Inspección e información.

A Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos cales se concederon as subvencións.

De igual xeito, o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 10º.-Obrigas do beneficiario.

1. Os concellos receptores das subvencións quedarán obrigados:

a) A non alterar o destino da subvención.

b) A admitir as inspeccións e control que estableza a Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual.

c) A efectuar a xustificación do gasto conforme o establecido no artigo 8º, facultándose a dita dirección xeral para determinar o correcto cumprimento desta obriga.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, se é o caso, da subvención percibida e dos xuros de demora correspondentes.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Comunicación e Audiovisual para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA,
 COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
 Dirección Xeral de Comunicación
 e Audiovisual

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL MUNICIPAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CJ907A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA		NIF	
ACTUANDO COMO	CONCELLO	CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SE SOLICITA: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 3)

MEMORIA DESCRIPTIVA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR.
 ORZAMENTO OU VALORACIÓN ECONÓMICA DAS ACTUACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN, CON INDICACIÓN DE CANTIDADE QUE SE PIDE COMO AXUDA.
 COMPROMISO DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA SUFICIENTE PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO.
 DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 4 de abril de 2005 pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación de equipamentos para o desenvolvemento dos medios de comunicación social.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

A Lei do Parlamento de Galicia 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, procedeu a coordinar as policía locais de Galicia nos termos establecidos no artigo 39 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do Estado.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas está a de seguridade en lugares públicos.

Conforme o Decreto 226/2003, do 11 de abril, modificado polo Decreto 16/2004, do 15 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, correspóndelle á Dirección Xeral de Administración Local desta consellería as relacións coas corporacións locais, así como a convocatoria, selección e adjudicación das subvencións e axudas que se destinan ás entidades locais que sexan competencia desa dirección xeral.

Por medio desta orde preténdese dar cumprimento ao mandato xenérico de coordinación establecido na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade, polo que, ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación de policía locais de Galicia, e o Decreto 204/2000, do 21 de xullo, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais, en canto a coordinación abrangue entre outras medidas as de colaboración que lles permitan aos servizos de policía dos concellos galegos acadar unha acción conxunta e eficaz, regulándose por medio desta orde o procedemento para a concesión de axudas destinadas aos concellos que incrementen considerablemente a súa poboación turística na tempada de verán para a contratación temporal de auxiliares de policía local nese período. Neste sentido incorpórase como requisito dos concellos beneficiarios a acreditación de incremento poboacional durante esta tempada, tal e como se vén exixindo para a declaración de municipio turístico galego polo Decreto 239/1998, do 30 de xullo.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local contribuirá cos concellos, co fin de

aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local, no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro), convocando axudas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar os custos de contratación temporal de auxiliares de policía local.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán solicitar os beneficios desta orde aqueles concellos que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que conten con corpo de policía local.

b) Concellos que vexan aumentada de forma significativa a súa poboación durante os meses de verán, e que faga necesario aumentar o número de policía para prestaren os servizos que veñen desenvolvendo o resto do ano.

2. O número de contratos temporais que subvencionará a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local non poderá superar o número de membros que integran o cadro de persoal do corpo de policía local do concello petionario.

3. Corresponderalle ao concello petionario o pagamento do 25% do importe total do contrato formalizado co/s auxiliar/es de policía local, sendo por conta da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o pagamento do 75%, incluídos custos sociais.

Artigo 3º.-Crédito.

Para a consecución deste obxectivo a que se refire a orde, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local destinará ata un límite de douscentos trinta e oito mil euros (238.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.123.A.460.0, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005.

Artigo 4º.-Iniciación.

1. No prazo de corenta días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os concellos que reúnan os requisitos a que se refire o artigo 2º desta orde e que desexen acollerse aos seus beneficios, deberán presentar a solicitude que figura como anexo I no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, no das delegacións provinciais desta consellería, ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Igualmente, os concellos interesados e que teñan asinado o correspondente convenio de colaboración para a implantación do portal dos concellos Eido